

Guía de Lectura de Matemáticas



Recomendacións de libros con xogos, contos, adiviñas



Miguel Capó Dolz. El país de las mates. 100 problemas de ingenio. 1, 2 e 3.
Unha coitada selección dos mellores problemas de enxeño matemático preparada co obxectivo de facilitar o pracer de facer pensar, seducir matematicamente e gozar ante retos moi diversos, independentemente de que se consiga chegar á solución final do problema ou non.



Esteban Serrano Marugán. ¡Ojalá no hubiera números!
Imaxina que unha mañá espertas e non se pode ler a hora do reloxo, as matrículas dos coches están en branco, os prezos da tenda desapareceron, non sabes cantos anos tes...! un mundo sen números! Iso ocorreulle a Arturo Cornelibros por dicir o que non debía e enfadar a Pitágoras V, o rei das matemáticas.



Joaquín Collantes e Antonio Pérez. Cuentos con problemas. Matecuentos, cuentamates. 1, 2 e 3.
Estes contos con problemas, ou estes problemas con conto, son historias curtas cuns protagonistas que corren aventuras e que non paran de meterse en lios, e ademais en lios problemáticos xa que para saír deles teñen que resolver algún problema. E o que podes facer ti como lector é axudarlles a resolvelos.


Alejandra Vallejo-Nágera. ¿Odias las Matemáticas?

Que teñen que ver as matemáticas cun bizcocho de chocolate, co mozo ou a moza máis guapo do insti ou cun cintio que se enrola ao redor dun dedo? Moito máis do que te imaxinas. Non importa que odies as matemáticas. Se-que as instrucións deste libro e comproba que poden ser máis divertidas do que crías.

BIBLIOTECA “O bosque animado” IES AFONSO X O SABIO




<http://biblioafonso.blogspot.com>




L.C. Norman. **El país de las mates. Un juego de aventuras con problemas matemáticos.** Benvido a unha viaxe á terra da aventura, a un lugar no que o Matemático Máxico desafiara a resolver problemas. En *El País de las mates* atoparás curiosos habitantes que che axudarán a alcanzar o camiño a condición de que resolvas os seus enigmas.



Hans Magnus Enzensberger. **El diablo de los números. Un libro para todos aquellos que temen a las Matemáticas.** Cando logo de doce noites de maxia o poqueno diño desapareceu, ao pequeno Robert xa lle entrou a espiral: quería ir máis aló no misterio dos números. O mesmo ocorreralle ao lector deste libro orixinal e didáctico, escrito para que todos os que temen ás Matemáticas empecen a gozar delas.




Anna Cerasoli. **Los diez magníficos. Un niño en el mundo de las matemáticas.** E se as matemáticas fosen un xogo? E se deixásemos de presentalas como unha disciplina ardua e aburrida e destacásemos o seu lado máxico e lúdico? Unha pracenteira viaxe polo mundo dos números. Un libro ameno, didáctico e con ilustracións.



Claudi Alsina. **Geometría cotidiana. Placeres y sorpresas del diseño.** Para que se fixeron as latas? Por que certas caixas e envoltorios véndense mellor que o que levan dentro? Que esconde o rato do computador? Canta xeometría hai na túa antena de televisión? Que une a unha trompeta, unha campá e unha fiestra de Gaudí?



Carlos Andradás Heranz. **Póngame un kilo de matemáticas.** Por que se odian as matemáticas? Que teñen que ver as matemáticas e Picasso? Hai matemáticas en Marte? E o alxebra unha sopa de letras? Quen inventou o símbolo de multiplicar? Saben matemáticas os computadores?



Miguel Calabria García. **Juegos matemáticos.** Preténdese que con enigmas, paradoxos, curiosidades e entrementos matemáticos divirtasche e descubras o encanto das matemáticas.

Ricardo Moreno e José M. Vegas. **Una historia de las matemáticas para jóvenes.** Para os que queiran coñecer o fascinante mundo das matemáticas a través da súa historia, sen dúbida o xeito máis fermoso de achegarse a elas.



Xesús Corbacho Martínez. **¡A pasalo ben con Matemáticas!** Dixido a todas as persoas de calquera idade que desexen divertirse e disfrutar, aumentando as súas capacidades mentais de imaxinación, inxenio, creación, memoria e cálculo, con xogos educativos e resolviendo problemas e pasatempos.



Marie Berrondo-Agrell. **100 Enigmas de geometría. Juegos divertidos para potenciar tu mente.** Son un polígono e teño nove diagonais. Sabes cantos lados dos teño? Outros 99 enigmas e as súas respectivas solucións acompañan a este, clasificados en catro grandes apartados segundo o seu nivel de dificultade. A xeometría clásica convértese así nunha fonte de reflexión, diversión e enriquecemento persoal para todas as idades.

